



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROPOSTA PARA O PLENO CORPORATIVO:

Aprobación inicial do “Inventario de Vías e Bens Inmóbles” do Concello de Lousame.

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adóptao en base aos antecedentes e fundamentos xurídicos que de seguido se indica:

Lexislación aplicable:

1. Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
2. Lei 33/2003, do 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
3. Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL)
4. Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA)
5. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
6. Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)

Antecedentes Administrativos:

1. Documento denominado INVENTARIO DE VÍAS E BENS INMOBLES DO CONCELLO DE LOUSAME (registro de entrada 202499900000755 do 20/12/2024)
2. Informe do Arquitecto Técnico Municipal do día 30/01/2025.
3. Informe da Secretaría-Intervención do día 18/03/2025.

Fundamentos Xurídicos:

Primeiro: Non constando a existencia, debidamente formado e actualizado, dun Inventario de todos os bens e dereitos que pertencen á Corporación Local, é preciso acometer esta labor, xa que é unha obriga do Concello a de inventariar todos os seus bens e dereitos, de conformidade cos artigos de conformidade cos artigos 32 da LPAP, 86 do TRRL, 17 do RBEL e 278 da LALGA .

Segundo: Como realizar un Inventario de todos os bens (inmóbles, móbiles, semoventes, etcétera) é unha tarefa ardua e complexa, vaise abordar neste primeiro momento, a aprobación do Inventario de Vías e Bens Inmóbles Municipais; para nun momento posterior, poder aprobar o Inventario de todos os bens.

Terceiro: O órgano competente para adopción do acordo é o Pleno Corporativo, por maioría simple, en aplicación dos artigos 34 do RBEL, 22.2.q) e 47.2 da LRBRL.

Cuarto: Considerando que o artigo 32 do RBEL establece que unha vez aprobado, o documento debe ser remitido á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.

Quinto: Considerando que segundo o artigo 36 da LPAP, artigo 85 do TRRL, artigo 36 do RBEL o Concello debe inscribir no Rexistro da Propiedade os seus bens inmóbles e dereitos reais, de acordo co previsto na lexislación hipotecaria.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Sexto: Considerando o establecido no artigo 83 da LPAC, considérase conveniente expoñer o expediente ao público, a fin de obter unha información dos bens que se relacionan e que se poidan formular alegacións que axuden a depurar no seu caso os datos ou que poñan de manifesto calquera omisión ou circunstancia que sexa oportuno ter en conta.

Á vista da lexislación aplicable, antecedentes administrativos e fundamentos expostos, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar inicialmente o documento denominado “Inventario de Vías e Bens inmobles do Concello de Lousame”, nos termos que foi confeccionado e que ofrece o seguinte resumo xeral:

Valoración do viario por parroquias.

PARROQUIA	Total
Camboño (San Xoán)	490.528,59 €
Fruíme (San Martiño)	824.411,06 €
Lesende (San Martiño)	899.633,67 €
Lousame (San Xoán)	1.583.267,45 €
Tállara (San Pedro)	1.033.210,35 €
Toxos Outos (San Xusto)	615.029,13 €
Vilacova (Santa Eulalia)	942.134,38 €
Total xeral	6.388.214,63 €

Lonxitudes (m.) do viario por materiais e parroquias.

PARROQUIA	Material asfáltico	Formigón	Material granulado	Pedra	Terra- vexetación	Total
Camboño (San Xoán)	13.388,56	820,44	14.274,87		10.449,91	38.933,78
Fruíme (San Martiño)	25.445,89	678,71	25.245,15		26.482,16	77.851,91
Lesende (San Martiño)	25.080,13	1.290,17	28.451,40		22.597,40	77.419,10
Lousame (San Xoán)	46.426,01	1.468,75	43.103,89	10,67	29.864,93	120.874,25
Tállara (San Pedro)	32.715,93	342,24	30.327,99		48.213,21	111.599,37
Toxos Outos (San Xusto)	14.378,43	479,39	29.362,73	142,3	6.779,12	51.141,97
Vilacova (Santa Eulalia)	24.114,01	1.058,03	41.632,95		9.756,27	76.561,26
Total xeral	181.548,96	6.137,73	212.398,98	152,97	154.143,00	554.381,64



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Resumo de bens inmobles por tipoloxía.

PARROQUIA	Edificación	Equipamento	Finca urbana	Finca rústica	Sen localizar	Total
Camboño (San Xoán)	2	6	1	20		29
Fruíme (San Martiño)	3	3	1	9		16
Lesende (San Martiño)	2	4	15	20		41
Lousame (San Xoán)	6	16	20	31		73
Tállara (San Pedro)	3	15	7	23		48
Toxos Outos (San Xusto)	2	2	2	11		17
Vilacova (Santa Eulalia)	2	9	5	11		27
Sen localizar					41	41
Total xeral	20	55	51	125	41	292

Seguro: Expoñer ao público o expediente por un prazo de 60 días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos da sede electrónica e no BOP.

Terceiro: No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, entenderase elevada a definitiva a aprobación do documento denominado “Inventario de Vías e Bens inmobles do Concello de Lousame”. No caso de reclamacións ou alegacións, estas serán resoltas polo Pleno Corporativo, procedendo á aprobación definitiva do documento.

Cuarto: Aprobado definitivamente o documento, xa sexa de xeito expreso ou tácito, remitir o expediente completo á Comunidade Autónoma e ao Estado, no cumprimento do establecido no artigo 86 do TRRL e artigo 32 do RBEL.

Quinto: Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade dos bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza, que non estean inscritos, de acordo co previsto no artigo 36 do RBEL”

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa do Concello de Lousame, M^a Teresa Villaverde Pais